



### CONCELLOS

#### BÓVEDA

##### *Anuncio*

#### EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIONES E ANUNCIO DE COBRANZA

Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e canon da auga do 4º trimestre do exercicio 2019.

Por Resolución da Alcaldía de data 12 de maio de 2020, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e canon da auga, correspondente ao 4º trimestre do exercicio 2019, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación contra o mesmo.

O prazo de cobro en período voluntario será de un mes: Dende o día quince de maio de 2020 ata o día quince de xuño de 2020.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas ao mesmo, e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, de acordo con canto establece o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Trascorrido o período de pago en voluntaria as débedas co concello serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao aveiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Bóveda, 12 de maio de 2020.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 0873

#### BURELA

##### *Anuncio*

#### EXPEDIENTES 2415/2019 E 2416/2019. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. NOVIEMBRE 2019.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesións celebradas o día 12 de febreiro de 2019 e 22 de abril de 2020, prestou aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de novembro de 2019 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 6.727,66 €, correspondendo 918 € a libre concorrência e 5.809,66 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. De acordo co establecido na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, o prazo para interpoñer recursos de reposición empezará a contarse desde o 30 de maio de 2020.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno. Advertir aos interesados que a efectos do cómputo dos prazos procesais, segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no seu apartado 1º, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos previstos nas leis procesuais para todas as ordes xurisdicionais. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase o período voluntario de cobramento en dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 11 de maio de 2020.- O Alcalde, Alfredo LLano García.

R. 0862

## CERVANTES

### *Anuncio*

#### **Información pública**

Aprobados por Resolución de alcaldía de data 15 de maio de 2020, os padróns que a continuación se relacionan, expóñense ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

- Taxa polo servizo de recollida domiciliaria do lixo (1º trimestre de 2020).
- Taxa polo servizo de subministro domiciliario de auga potable e canon da auga (1º trimestre de 2020).

**Recursos:** Contra o acordo da aprobación dos padróns se poderá interpor recurso de reposición.

**Prazo de presentación do recurso:** un mes contado dende o día inmediato seguinte ao do término do período de exposición ao público dos padróns.

**Órgano ante o que se recorre:** Alcalde do concello de Cervantes.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Cervantes, 15 de maio de 2020.- O alcalde, Benigno Gómez Tadiñ.

R. 0874

## CHANTADA

### Anuncio

O pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada ó día 30/01/2020 acordou aprobar inicialmente o crédito extraordinario 01/2020.

O expediente de crédito extraordinario someteuse ao trámite de información pública trala publicación do anuncio no B.O.P. de Lugo nº 35 do 12 de febreiro do 2.020. Rematado o prazo de información pública conséntase que non se presentou reclamación algunha, polo que enténdese definitivamente aprobado ao abeiro do disposto no artigo 169 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en relación co 177 da mesma norma, publicase o resume do mesmo por capítulos

### CRÉDITO EXTRAORDINARIO 01/2020 por importe de 550.000,00 €

|   | Capítulos                                | Previsións 2020     | Modificacións     | Previsións definitivas |
|---|------------------------------------------|---------------------|-------------------|------------------------|
| 1 | Impostos Directos                        | 2.487.754,40        |                   | 2.487.754,40           |
| 2 | Impostos Indirectos                      | 70,000,00           |                   | 70,000,00              |
| 3 | Taxas, Prezos Públicos e Outros Ingresos | 654.647,42          |                   | 654.647,42             |
| 4 | Transferencias correntes                 | 2.727.017,79        |                   | 2.727.017,79           |
| 5 | Ingresos Patrimoniais                    | 6.308,06            |                   | 6.308,06               |
| 6 | Enaxenación de investimentos reais       | 0,00                |                   | 0,00                   |
| 7 | Transferencias de capital                | 230.240,43          |                   | 230.240,43             |
| 8 | Activos financeiros                      | 0,00                |                   | 0,00                   |
| 9 | Pasivos financeiros                      | 0,00                | 550.000,00        | 550.000,00             |
|   | <b>TOTAL</b>                             | <b>6.175.968,10</b> | <b>550.000,00</b> | <b>6.725.968,10</b>    |

|   | Capítulos                           | Créditos 2020       | Modificacións     | Previsións definitivas |
|---|-------------------------------------|---------------------|-------------------|------------------------|
| 1 | Gastos de Persoal                   | 2.485.186,28        | 0,00              | 2.485.186,28           |
| 2 | Gastos en bens correntes e servizos | 2.618.090,96        | 0,00              | 2.618.090,96           |
| 3 | Gastos financeiros                  | 16.570,21           | 0,00              | 16.570,21              |
| 4 | Transferencias correntes            | 278.788,84          | 0,00              | 278.788,84             |
| 6 | Investimentos Reais                 | 260.949,09          | 550.000,00        | 810.949,09             |
| 7 | Transferencias de Capital           | 0,00                | 0,00              | 0,00                   |
| 8 | Activos financeiros                 | 0,00                | 0,00              | 0,00                   |
| 9 | Pasivos financeiros                 | 209.283,36          | 0,00              | 209.283,36             |
|   | <b>TOTAL</b>                        | <b>5.868.868,74</b> | <b>550.000,00</b> | <b>6.418.868,74</b>    |

Chantada, 9 de marzo do 2020.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0875

## LUGO

## Anuncio

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuínte

Asimesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro día 20 de maio ao 20 de xullo deste ano, ambos inclusive, pónse ó cobro, en prazo voluntario, o padrón de recibos correspondente ó ano 2020, dos tributos que de seguido se relacionan

- **Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza urbana.**
- **Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza rústica.**

Para o cobramento dos citados tributos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas. A domiciliación do Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza urbana implicará o seu fraccionamento en dous periodos, de xeito que o primeiro cargo realizarase o día 5 de xullo polo importe do 50 % do recibo e o segundo cargo o día 15 de setembro polo importe do restante 50 % do recibo. A devolución do primeiro cargo por parte da entidade financeira implicará que o suxeito pasivo queda obrigado ó pagamento da totalidade do recibo antes de que remate o período voluntario de pagamento, perdendo a posibilidade do seu fraccionamento e do segundo cargo

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla, nº 197- 2º andar (Facenda Local), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 20 de agosto de 2020, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell; todo elo sen perxuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria

Lugo, 4 de maio de 2020.- A TENENTA DE ALCALDESA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0876

## Anuncio

Queda aprobada definitivamente a modificación orzamentaria mediante a modalidade de Suplemento de Crédito - Crédito Extraordinario núm 1-2020 do vixente Orzamento Xeral, ao non haber reclamacións no prazo de exposición ao público do acordo inicial de aprobación da mesma, adoptado en sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 20 de abril de 2020, publicado no BOP nº 91 do 22 de abril de 2020.

O resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos relativos á modificación aprobada é o seguinte:

**ORZAMENTO DA PROPIA CORPORACIÓN (€)****ESTADO DE GASTOS**

| CAPÍTULO |                                               | CONSIGNACIÓN         | MODIFICACION 1/2020 | CREDITOS TOTAIS<br>INCIDENCIA DO SC-CE |
|----------|-----------------------------------------------|----------------------|---------------------|----------------------------------------|
|          | OPERACIÓNS CORRENTES                          |                      |                     |                                        |
| 1        | Gastos de Persoal                             | 29.732.677,39        |                     | 29.732.677,39                          |
| 2        | Gastos en bens correntes e<br>servizos        | 51.890.677,24        | 369.785,61          | 52.260.462,85                          |
| 3        | Gastos financeiros                            | 49.100,00            |                     | 49.100,00                              |
| 4        | Transferencias correntes                      | 5.904.743,50         | 5.000.000,00        | 10.904.743,50                          |
| 5        | Fondo de Continxencia a outros<br>imprevistos | 500.000,00           |                     | 500.000,00                             |
|          | <i>Total operacións correntes</i>             | <i>88.077.198,13</i> | <i>5.369.785,61</i> | <i>93.446.983,74</i>                   |

|   |                                     |                       |                     |                       |
|---|-------------------------------------|-----------------------|---------------------|-----------------------|
|   | OPERACIÓNS DE CAPITAL               |                       |                     |                       |
| 6 | Investimentos reais                 | 10.429.605,47         | 221.579,17          | 10.651.184,64         |
| 7 | Transferencias de capital           | 721.673,40            | 319.190,94          | 1.040.864,34          |
|   | <i>Total operacións de capital</i>  | <i>11.151.278,87</i>  | <i>540.770,11</i>   | <i>11.692.048,98</i>  |
|   | OPERACIÓNS FINANCIERAS              |                       |                     |                       |
| 8 | Activos financeiros                 | 100.000,00            |                     | 100.000,00            |
| 9 | Pasivos financeiros                 | 733.203,84            |                     | 733.203,84            |
|   | <i>Total operacións financeiras</i> | <i>833.203,84</i>     | <i>0,00</i>         | <i>833.203,84</i>     |
|   | <b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>    | <b>100.061.680,84</b> | <b>5.910.555,72</b> | <b>105.972.236,56</b> |

**ESTADO DE INGRESOS**

| CAPÍTULO |                                     | CONSIGNACIÓN          | MODIFICACION<br>1/2020 | PREVISIÓNS TOTAIS<br>INCIDENCIA DO SC-CE |
|----------|-------------------------------------|-----------------------|------------------------|------------------------------------------|
|          | OPERACIÓNS CORRENTES                |                       |                        |                                          |
| 1        | Impostos directos                   | 38.256.017,00         |                        | 38.256.017,00                            |
| 2        | Impostos indirectos                 | 4.495.491,20          |                        | 4.495.491,20                             |
| 3        | Taxas e outros ingresos             | 26.004.341,19         |                        | 26.004.341,19                            |
| 4        | Transferencias correntes            | 27.006.831,45         |                        | 27.006.831,45                            |
| 5        | Ingresos patrimoniais               | 745.000,00            |                        | 745.000,00                               |
|          | <i>Total operacións correntes</i>   | <i>96.507.680,84</i>  |                        | <i>96.507.680,84</i>                     |
|          | OPERACIÓNS DE CAPITAL               |                       |                        |                                          |
| 6        | Alleamento investimentos reais      | 0,00                  |                        | 0,00                                     |
| 7        | Transferencias de capital           | 3.454.000,00          |                        | 3.454.000,00                             |
|          | <i>Total operacións de capital</i>  | <i>3.454.000,00</i>   |                        | <i>3.454.000,00</i>                      |
|          | OPERACIÓNS FINANCIERAS              |                       |                        |                                          |
| 8        | Activos financeiros                 | 100.000,00            | 5.910.555,72           | 6.010.555,72                             |
| 9        | Pasivos financeiros                 | 0,00                  |                        | 0,00                                     |
|          | <i>Total operacións financeiras</i> | <i>100.000,00</i>     | <i>5.910.555,72</i>    | <i>6.010.555,72</i>                      |
|          | <b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>  | <b>100.061.680,84</b> | <b>5.910.555,72</b>    | <b>105.972.236,56</b>                    |

Lugo, 19 de maio de 2020.- A Alcaldesa, Lara Méndez López.

R. 0896

**MONFORTE DE LEMOS***Anuncio***APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA marzo DE 2020 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Resolución de Alcaldía do día 14.05.2020 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de marzo de 2020.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificáanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se

formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 20.05.2020 ata o 20.07.2020.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 15 de maio de 2020.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 0877

## PANTÓN

### *Anuncio*

AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PAGAMENTO EN PERÍODO VOLUNTARIO DAS DÉBEDAS TRIBUTARIAS DERIVADAS DOS PADRÓNS DAS TAXAS POR AUGA, LIXO (URBANO) E SUMIDOIROS (6º BIMESTRE 2019) E POR LIXO RURAL (2º SEMESTRE 2019).

Por Decreto da Alcaldía do 11.05.2020, con motivo do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, e prorrogado por Real decreto 514/2020, do 8 de maio, resolveuse ampliar o prazo de pagamento en período voluntario de cobro das débedas tributarias derivadas do Padrón de auga, lixo (urbano) e sumidoiros correspondente ao 6º bimestre de 2019, e do Padrón de lixo rural correspondente ao 2º semestre de 2019 ata o 30 de xullo de 2020.

O texto íntegro da resolución de referencia poderase consultar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Pantón na seguinte dirección de URL: <https://panton.sedelectronica.gal/info.0>

O que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de julio, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación.

Contra a resolución de referencia, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso previo de reposición ante o Alcalde do Concello de Pantón, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de acordo ao establecido no artigo 14 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais.

Pantón, 11 de maio de 2020.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0878

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO

#### *Anuncio*

En el presente órgano judicial se tramita procedimiento ordinario 4052/2020 interpuesto por el Procurador D. LUIS FELIPE RODRIGUEZ FERNANDEZ, en nombre y representación de JPA, frente al CONCELLO DE A FONSGRADA (LUGO) y la CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, contra la orden de fecha 03-07-19 sobre aprobación definitiva del Plan General de Ordenación Municipal de A Fonsagrada (LUGO).

Por lo que en cumplimiento de la diligencia de ordenación de fecha 15-05-20 y de lo establecido en el artículo 47.2 de la LJCA, se concede un plazo de quince días para la personación de quienes tengan interés legítimo en sostener la conformidad a Derecho de la disposición , acto o conducta impugnados.

En A CORUÑA, a quince de mayo de dos mil veinte.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA, JOSE MIGUEL FORMOSO SOBRADO.**

R. 0879

#### *Anuncio*

En el presente órgano judicial se tramita procedimiento ordinario nº 4053/2020 interpuesto por el Procurador D. LUIS FELIPE RODRIGUEZ FERNANDEZ, en nombre y representación de JMFC, frente al CONCELLO DE A FONSGRADA (LUGO) y la CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, contra orden de fecha 03-07-19 sobre aprobación definitiva del Plan General de Ordenación Municipal de A Fonsagrada (LUGO).

Por lo que en cumplimiento de la diligencia de ordenación de fecha 15-05-20 y de lo establecido en el artículo 47.2 de la LJCA, se concede un plazo de quince días para la personación de quienes tengan interés legítimo en sostener la conformidad a Derecho de la disposición , acto o conducta impugnados.

En A CORUÑA, a quince de mayo de dos mil veinte.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA, JOSE MIGUEL FORMOSO SOBRADO.**

R. 0880

---